



ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DA MESA CELEBRADA EN DATA 16/09/2024, ANÁLISE DO INFORME EMITIDO POLA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS (OTMAIES) SOBRE AS OFERTAS CORRESPONDENTES AO SOBRE ELECTRÓNICO ÚNICO (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS), EXCLUSIÓN DA ÚNICA EMPRESA PRESENTADA E PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2024/ABSSUB/000003

SUBMINISTRACIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA ABERTA BASCULANTE PARA A BRIGADA OPERATIVA DE OBRAS.

ACTO: Proceder á aprobación da acta da sesión da Mesa celebrada en data 16/09/2024, ao análise do informe emitido pola OTMAIES sobre as ofertas correspondentes ao sobre electrónico único (criterios avaliados mediante fórmulas), exclusión da única empresa presentada e proposta de declarar deserto o procedemento de licitación.

ÓRGANO QUE SE REÚNE: Mesa de Contratación.

DÍA: 25/09/2024

LUGAR: Segundo andar do edificio administrativo sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 09:44 horas.

HORA DE FIN: 09:47 horas.

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral Municipal). D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). D. José Manuel Torres Corredoira (Enxeñeiro Adxunto ao Xefe de Servizo da OTMAIES).

Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese, como primeiro punto da orde do día, á aprobación, por unanimidade, da acta correspondente á sesión celebrada pola Mesa en data 16/09/2024.





A continuación, a secretaría do órgano da conta do informe da OTMAIES emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se indica que analizada a oferta da única empresa presentada a este procedemento de licitación, GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS, S.L., se comproba que o vehículo ofertado incumple algúns dos requisitos mínimos establecidos nos PPT.

Os membros da Mesa de contratación, logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe da OTMAIES emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente no que se indica que analizada a oferta da única empresa presentada a este procedemento de licitación, GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS, S.L., se comproba que o vehículo ofertado incumple algúns dos requisitos mínimos establecidos nos PPT, en concreto:

- El vehículo ofertado, al menos, incumple los límites dimensionales de altura máxima y batalla. Se oferta un vehículo de altura 2.410 mm y se limita en Pliego Técnico en 2.200 mm. La batalla máxima en Pliego Técnico es de 3.500 mm y se oferta vehículo con batalla 4.035 mm.

Segundo.- De conformidade co informe anteriormente mencionado, excluír deste procedemento de licitación a oferta presentada pola empresa GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS, S.L., polos motivos que constan en dito informe.

Terceiro.- Ao non haber máis empresas admitidas neste procedemento de licitación, propónse ao órgano de contratación declarar deserto o presente proceso de licitación, de conformidade co establecido no artigo 22 do RD 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP, onde ao regular as funcións da mesa de contratación, indícase que “ (...) en aqueles casos en que, de conformidade con los criterios que figuren en el pliego, no resulte admisible ninguna de las ofertas presentadas, propondrá que se declare desierta la licitación”.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

